SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de outubro de 2026
--------o0o--------

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e oito minutos do día nove de outubro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña,* co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero,* xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37785.- ACTA ANTERIOR Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 2026.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de outubro de 2026.

2. 37786.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA "EN PLAN BEN": AULAS SAUDABLES, DIRIXIDO A CENTROS PÚBLICOS ONDE SE IMPARTE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, SITUADOS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50 MIL HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2026047910)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:
1º.- A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude, poñendo en marcha

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG).

A Lei de Xuventude de Galicia, no seu artigo 34, establece un modelo descentralizado de xestión de políticas xuvenís, outorgando á Administración local competencias clave nesta materia.

Neste marco, a Deputación de Pontevedra ten competencia para coordinar, apoiar e fomentar iniciativas que promovan o benestar e a participación activa da mocidade no seu territorio. Estas competencias inclúen, entre outras, o fomento dos hábitos de vida saudables, a colaboración na promoción da saúde xuvenil, a prevención de conductas de risco e a garantía de acceso aos servizos de benestar emocional e social.

Neste contexto, desde o punto de vista competencial, o artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguinte área: creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.

2º.- No proceso de elaboración do I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra, identificouse como un dos obxectivos prioritarios promover a prevención destas conductas de risco, ofrecendo ferramentas á mocidade, especialmente nas franxas de idade comprendidas entre os 14 e os 18 anos. Está prevista a súa aprobación polo órgano competente, con carácter previo á aprobación desta convocatoria.

Diversos estudos e enquisas recentes evidencian un crecente aumento dos problemas de saúde mental na poboación en xeral, sendo a mocidade un dos grupos máis preocupados e afectados polo seu benestar emocional. A complexa e cambiante actualidade, con desafíos sociais e psicolóxicos emerxentes, incide directamente na súa saúde mental e adaptación polo que é fundamental abordar a saúde mental xuvenil desde unha perspectiva preventiva, buscando evitar a estigmatización dos trastornos mentais e reducir a incidencia de problemas psicolóxicos e condutas de risco entre adolescentes, incluíndo as autolesións e a ideación suicida.

3º.- De acordo co exposto, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, desenvolveu en 2026 o programa "En plan ben: aulas saudables" en 16 centros educativos ubicados en concellos de Reto demográfico da provincia, onde participaron máis de mil alumnos e alumnas, así como o profesorado, familias e Anpas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Co obxectivo de potenciar a rede de apoio á adolescencia nunha etapa crucial na súa vida e madurez emocional, convocamos unha segunda edición, estendendo o alcance do programa aos centros educativos públicos nos que se imparte educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato e formación profesional básica dos concellos de menos de 50 mil habitantes da provincia de Pontevedra.

4º.- O programa vai dirixido nesta edición aos centros públicos nos que se impartan ESO, bacharelato ou formación profesional básica dos concellos de menos de 50 mil habitantes da provincia de Pontevedra, ofertando un total de 65 intervencións (Unha por centro educativo).
O servizo será prestado por unha empresa externa, e tramitarase o e expediente de contratación unha vez remate o prazo de presentación de solicitudes e se propoña a concesión de obradoiros.
Por cada centro beneficiario, participarán na actividade:

- Un grupo de alumnado, entre 25 e 30 persoas, elixidos polo propio centro.
- O profesorado e equipo de orientación do centro.
- As familias, preferiblemente as dos grupos participantes, e asociacións de nais e pais de alumnos (ANPA).

Cada acción estará dividida en 5 bloques co alcance e contidos establecidos nas bases reguladoras:

- Bloque 1: Diagnose inicial.
- Bloque 2: Sesións formativas co alumnado.

Cada centro poderá elixir unha das seguintes 5 temáticas para cada grupo:

- Autolesións, ideación suicida e pensamentos negativos e intrusivos.
- Diversidade, imaxe corporal e trastornos de conduta alimentaria.
- Acoso escolar (bullying), ciberacoso (ciberbulling) e mensaxes de odio.
- Consecuencias do uso da pornografía e outras violencias sexuais.
- Utilización de sustancias e conductas abusivas.

- Bloque 3: Capacitación docente.
- Bloque 4: Intervención coas familias/ANPA.
- Bloque 5: Avaliación final.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

5º.- O programa impartirase durante o curso escolar 2027-2028.
O inicio está previsto para o mes de setembro de 2027 e o seu remate para xuño de 2028.
O centro educativo terá a flexibilidade de distribuír as horas de cada bloque de intervención, en función da súa dispoñibilidade e en coordinación coa entidade encargada da xestión do programa.
Para garantir a viabilidade do programa, requirirase unha participación mínima de 30 centros.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

6º.- A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de oitenta e cinco mil euros (85.000,00€), con cargo á aplicación 27/233.2310.227.07 do Orzamento provincial. Ao tratarse dunha tramitación anticipada a súa aprobación quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

7º.- Podemos enmarcar este programa dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da LRBRL, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.
Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Finalmente, e por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como pode ser a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

8º.- O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial. Con data 24 de setembro de 2026 Intervención emite informe favorable indicando que *"A contía prevista para este programa ascende a 85.000,00 euros e a aplicación proposta, 27/233.2310.227.07, considérase correcta para este fin. Non obstante, a aprobación das bases debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2027 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, por tratarse dunha tramitación anticipada. O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta Goberno, a teor do establecido nas bases para a execución do orzamento."*

- LEXISLACIÓN APLICABLE:
- I Plan estratéxico de xuventude da deputación de Pontevedra.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 6/2012, de 19 de xuño de xuventude de Galicia.
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do Orzamento provincial.

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial así como no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro. Aprobar o gasto por importe de 85.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 27/233.2310.480.02, condicionado á aprobación do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2027 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.
- Segundo. Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa "En Plan Ben: Aulas Saudables" para o ano 2027, cuxo tenor literal é o seguinte:

" BASES REGULADORAS DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA "EN PLAN BEN: AULAS SAUDABLES" DIRIXIDO A CENTROS PÚBLICOS ONDE SE IMPARTE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, SITUADOS EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPEDIENTE 2026047910.

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude mediante plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados na Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG).

Este reto supón deseñar e executar plans e programas dirixidos á mocidade, sexa cal sexa o seu lugar de residencia e a súa idade, de xeito que teñan acceso aos mesmos servizos públicos en igualdade de condicións; entre eles, o acceso ao ensino e á formación non regradas, incluída a virtual.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

No artigo 34 da LXG establécese un modelo descentralizado de xestión de políticas xuvenís, que lle outorga á Administración local competencias clave nesta materia. Neste marco, a Deputación de Pontevedra ten competencia para coordinar, apoiar e fomentar iniciativas que promovan o benestar e a participación activa da mocidade no seu territorio. Estas competencias comprenden, entre outras, fomentar hábitos de vida saudables, colaborar na promoción da saúde xuvenil, previr as condutas de risco e garantir o acceso aos servizos de benestar emocional e social.

Por outra banda, no I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra, aprobado polo seu Pleno, identifícase como un dos obxectivos prioritarios promover a prevención destas condutas de risco a través de ferramentas destinadas á mocidade, especialmente a aqueles con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos.

Así, diversos estudos e enquisas recentes evidencian un crecente aumento dos problemas de saúde mental na poboación en xeral, na cal a mocidade é un dos grupos aos que máis lle preocupa e afecta o seu benestar emocional. A complexa e cambiante actualidade, con desafíos sociais e psicolóxicos emerxentes, incide directamente na súa saúde mental e adaptación, polo que é fundamental abordar este tema desde unha perspectiva preventiva que busque evitar a estigmatización dos trastornos mentais e reducir a incidencia de problemas psicolóxicos e condutas de risco entre adolescentes, incluídas as autolesións e a ideación suicida.

De acordo co exposto, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, desenvolveu en 2026 o programa "En plan ben: aulas saudables" en dezaseis centros educativos situados en concellos de reto demográfico da provincia, onde participaron máis de mil alumnas e alumnos, así como o profesorado, familias e as asociacións de nais e pais do alumnado (anpas).

Co obxectivo de potenciar a rede de apoio á adolescencia nunha etapa crucial na súa vida e na súa madurez emocional, convocamos unha segunda edición e estendemos o alcance do programa aos centros educativos públicos nos que se imparte educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato e formación profesional básica dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, na seguinte área: creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Así, este programa pódese enmarcar dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da LRBRL, no que se recolle como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra pon en marcha a segunda edición do programa "En plan ben: aulas saudables", de acordo coas seguintes,

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de ata un máximo de sesenta e cinco accións formativas sobre saúde mental ofertadas no programa "En plan ben: aulas saudables" para o curso escolar 2027/2028.

Para os efectos destas bases, enténdese por "acción formativa" o itinerario integral impartido nun centro educativo, composto polas avaliacións inicial e final e polas sesións formativas, denominadas "obradoiros", que están dirixidas especificamente ao alumnado, ao profesorado, ao persoal de orientación e ás familias ou anpas.

Segunda. Entidades destinatarias:

2.1. Son destinatarios deste programa os centros públicos situados nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra nos que se imparta ESO, bacharelato e formación profesional básica.

2.2. Por cada un dos centros beneficiarios, participarán na actividade:

- *Un grupo de alumnado de ESO, bacharelato ou formación profesional básica, integrado por un máximo de trinta persoas.*
- *O profesorado e o equipo de orientación do centro educativo.*
- *As familias, preferiblemente do grupo participante, e as anpas.*

Terceira. Orzamento e financiamento:

A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €), con cargo á aplicación 27/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Cuarta. Descrición xeral do programa:

4.1. Xestión do programa:

A institución provincial ofertará o programa a través dunha empresa especializada, que proporcionarán un equipo de profesionais na materia, o cal se encargará de executar, coordinar e avaliar a actividade.

A empresa adxudicataria explicará os contidos coordinará os horarios coas persoas responsables de cada centro educativo.

4.2. Estrutura:

A entidade encargada de desenvolver o programa realizará un diagnóstico inicial en cada centro educativo beneficiario para coñecer as súas necesidades específicas. Unha vez rematado este diagnóstico, levaranse a cabo os obradoiros, que se dividirán nos seguintes bloques:

- *Sesións formativas co alumnado.*

Impartirase un obradoiro co alumnado en formato de charlas interactivas cunha duración total de 10 horas, distribuídas ao longo do curso escolar.

Para garantir a atención personalizada e a súa efectividade, cada grupo estará integrado por un máximo de 30 persoas e este será proposto polo centro educativo, en función das súas necesidades.

Tras a avaliación inicial, en consonancia coas recomendacións da entidade encargada de impartir a formación, cada centro poderá elixir unha das seguintes cinco temáticas:

  - *Autolesións, ideación suicida e pensamentos negativos e intrusivos.*
  - *Diversidade, imaxe corporal e trastornos da conduta alimentaria.*
  - *Acoso escolar (bullying), ciberacoso (ciberbullying) e mensaxes de odio.*
  - *Consecuencias do uso da pornografía e doutras violencias sexuais.*
  - *Utilización de substancias e condutas abusivas.*
- *Capacitación docente.*

Consistirá na impartición dun obradoiro de 4 horas de duración dirixido ao profesorado e ao persoal de orientación do centro educativo que terá como obxectivo proporcionar as ferramentas e os coñecementos prácticos necesarios para xestionar o benestar emocional do alumnado. O obradoiro poderá dividirse en distintas xornadas.

Os contidos incluirán os especificado a continuación:

  - *Estratexias para promover o benestar emocional e psicolóxico na aula.*
  - *Identificación precoz de riscos e sinais de alarma.*
  - *Ferramentas para abordar de forma temperá problemas detectados.*
  - *Protocolos de derivación a servizos sociais comunitarios e recursos sanitarios.*
  - *Casos prácticos.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- *Intervención coas familias ou anpas:*

Basearase nunha intervención coas familias e membros da anpa, cunha duración de 2 horas, na que se abordarán os seguintes recursos:

- *Información e medios para a prevención en materia de saúde mental no fogar.*
- *Comunicación asertiva coas e cos menores.*
- *Recomendacións de dinámicas que favorezan unha convivencia positiva no fogar.*
- *Mapa de recursos dispoñibles na contorna.*

Ao rematar os obradoiros, a entidade encargada de desenvolver o programa realizará unha avaliación final, co obxectivo de recoller os resultados obtidos e o seu impacto.

4.3. Temporalización:
O programa impartirase durante o curso escolar 2027/2028.
O seu inicio está previsto para setembro de 2027 e o seu remate, para xuño de 2028.

O centro educativo terá a flexibilidade de distribuír as horas de cada bloque de intervención, en función da súa dispoñibilidade e en coordinación coa entidade encargada de xestionar o programa.

Para garantir a viabilidade do programa requerirarse a participación mínima de 30 centros educativos.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Sexta. Lugar e modalidade de presentación de solicitudes:
As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da institución provincial (https://sede.depo.gal/), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes:
O prazo de presentación das solicitudes será do 26 de outubro ao 4 de decembro de 2026.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Oitava. Comprobación de datos:
Para a tramitación deste procedemento, consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da persoa representante.*
- *Domicilio fiscal da entidade.*

Se as entidades interesadas se opuxesen á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación que se debe presentar:
Os centros interesados deberán achegar, xunto con cada solicitude, a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación da persoa que actúe en representación do centro escolar, só en caso de que non se empregue un certificado cualificado de representante.

b) Certificación expedida polo órgano competente do centro educativo, na que se fagan constar o acordo de solicitar a participación no citado programa e a composición actual do equipo directivo (anexo III).

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas:
Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/tramitesxenericos.

Décimo primeira. Procedemento de concesión e resolución:
11.1. O procedemento de concesión das accións formativas será o de concorrencia non competitiva; nel, atenderase á orde de presentación de solicitudes, ata chegar a un máximo de 65 accións en centros educativos.

Naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, entenderase por rexistro de entrada a data na que o devandito requirimento estea correctamente atendido.

11.2. Só se admitirá unha solicitude por centro educativo.

11.3. Non se adxudicará máis dunha acción formativa por centro educativo.

11.4. O órgano competente para instruír o procedemento é a xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para comprobar a concorrencia dos requisitos esixidos para conceder os obradoiros solicitados.

Unha vez instruído o procedemento e rematado o prazo de emenda das solicitudes requiridas, o órgano instrutor elevará un informe-proposta de concesión para a súa fiscalización previa por Intervención e a aprobación posterior polo órgano competente.

11.5. Resolución. Correspóndelle á Xunta de Goberno. A resolución correspóndelle á Xunta de Goberno, e esta farase pública na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal) e na súa páxina web (www.depo.gal).

11.6. A resolución de concesión ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno conforme ao dereito.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Décimo segunda. Obrigas dos centros participantes:
Os centros educativos estarán obrigados ao seguinte:

- *Dispoñer dos espazos (aulas) dotados cos medios técnicos necesarios para realizar as distintas sesións nas que se divide o programa.*
- *Designar unha persoa docente que coordinará coa entidade encargada da xestión do programa a organización e programación de cada un dos bloques.*
- *Seleccionar o grupo de alumnado que recibirá a formación, así como acompañar as e os menores beneficiarios da formación.*
- *Indicar a relación do persoal docente e o equipo de orientación que recibirá a formación.*
- *Difundir a iniciativa entre toda a comunidade educativa do centro, incluídas as familias e a anpa.*

Décimo terceira. Interpretación das bases:
A resolución de todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases é competencia do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Décimo cuarta. Protección de datos:
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos."

Terceiro.- Publicar as citadas bases no BOPPO e na sede electrónica.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

3.37787.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "RENOVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN AGOLADA". (Expte.2026027465)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investimentos.

- En data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026028901, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de AGOLADA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 86.964,99 euros, co obxecto do financiamento do investimento "RENOVACION DAS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACION EN AGOLADA" (Expte. 2026027465), cuxo orzamento ascende ao 86.964,99 €.

  Deste modo, a petición do Concello de AGOLADA queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento-€	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	86.964,99	86.964,99	0,00	0,00

- O orzamento de 86.964,99 € contempla 77.405,99 € de execución de obra, 4.114,00 € de honorarios de redacción de proxecto, 3.025,00 € de honorarios de dirección de obra e 2.420,00€ de honorario de coordinación de seguridade e saúde.

- Consta no expediente o certificado da Secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.
  Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e a autorización de Augas de Galicia.
- As devanditas autorizacións, serán achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerase polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/09/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/09/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/09/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 86.964,99 €, co obxecto do financiamento da actuación "RENOVACION DAS INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACION EN AGOLADA" (Expte.2026027465), cuxo orzamento ascende a 86.964,99 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	86.964,99 €	86.964,99 €	- €	-€

- O orzamento de 86.964,99 € contempla 77.405,99 € de execución de obra, 4.114,00 € de honorarios de redacción de proxecto, 3.025,00 € de honorarios de dirección de obra e 2.420,00€ de honorario de coordinación de seguridade e saúde.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e a autorización de Augas de Galicia. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén http://sede.depo.gal) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de AGOLADA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.37788.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS". (Expte. 2026063525)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

- En data 03/03/2026, con rexistro núm.WEB2026014889, dentro do prazo fixado na convocatoria (documentación subsanada na data 25/05/2025, WEB2026044923), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Agolada na que solicita unha subvención por importe de 223.057,22 € con destino ao financiamento de "Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos" (Expediente:2026014705).

- O Concello de Agolada figura no Listado de Entidades Locais incluídas no procedemento de pago a provedores 2026 convocado pola Administración estatal (modalidade de adhesión voluntaria), polo que incumpre a base quinta do Plan +Provincia 2026-2027, requisito para a concesión da subvención no marco da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, polo que se procede ao rexeitamento da solicitude.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- A base primeira do Plan +Provincia 2026- 2027 establece que cando unha solicitude sexa rexeitada por non cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras do plan, o concello poderá presentar unha nova proposta.

- En data 21/08/2026, con rexistro núm. WEB2026065847, dentro do prazo fixado na convocatoria (documentación subsanada na data 03/09/2025, WEB2026068995), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Agolada na que solicita unha subvención por importe de 84.934,26 € con destino ao financiamento de "Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais".
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos dos mees de: xaneiro-febreiro-marzo-abril-maio-xuño-xullo-agosto do ano 2026	52.685,50 €	52.685,50 €
Servizo de xestión e atención socioeducativa no punto de atención á infancia dos meses de abril-maio-xuño-xullo e agosto do 2026	32.248,76 €	32.248,76 €
TOTAL	84.934,26 €	84.934,26 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/10/2026 10:01

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):78U69MCOPK981TSX

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/10/2026 11:01

- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

– Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
